

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1111MX	CON/56/2016	11-08-17 13:44

Número 25 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros textiles no termo municipal de Santiago de Compostela (reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A. 5º do TRLCSP).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

25 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DO USO DA VÍA PÚBLICA PARA A COLOCACIÓN DE COLECTORES DE ROUPA E CALZADO USADOS E OUTROS TEXTILES NO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN D.A. 5º DO TRLCSP).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, de data 28 de xullo de 2017, que é do seguinte teor literal:

“**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, e presidente da mesa de contratación da licitación “Autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros textiles no termo municipal de Santiago de Compostela (Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A. 5º do TRLCSP)”, consonte os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1111MX	<i>Expediente</i> CON/56/2016	<i>Fecha</i> 11-08-17 13:44

Primeiro: Con data 13 de xullo de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ARROUPA SANTIAGO EIL SL.

Segundo: Con data 26 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa UTE RECICLADOS TEXTILES DE SANTIAGO, por incumprir un dos membros desta unión temporal (TEXLIMCA SA) o requisitos esencial para participar neste procedemento, que está reservado a centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral, de acordo coa posibilidade recollida na disposición adicional 5ª do TRLCSP.

SEGUNDO: Autorizar o uso da vía pública para a colocación de 33 colectores de roupa e calzado usados e outros textiles neste término municipal á empresa de inserción laboral ARROUPA SANTIAGO EIL SL (CIF: B70467659), que compromete a realización dun total de 317 horas ó ano de actuacións de sensibilización ambiental.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa UTE RECICLADOS TEXTILES DE SANTIAGO, por incumprir un dos membros desta unión temporal (TEXLIMCA SA) o requisitos esencial para participar neste procedemento, que está reservado a centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral, de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1111MX	<i>Expediente</i> CON/56/2016	<i>Fecha</i> 11-08-17 13:44

acordo coa posibilidade recollida na disposición adicional 5ª do TRLCSP.

SEGUNDO: Autorizar o uso da vía pública para a colocación de 33 colectores de roupa e calzado usados e outros textiles neste término municipal á empresa de inserción laboral ARROUPA SANTIAGO EIL SL (CIF: B70467659), que compromete a realización dun total de 317 horas ó ano de actuacións de sensibilización ambiental.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.

O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE SEGUNDO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo: Jorge Carlos Duarte Vázquez